

MEMORIA ESCOLA DE MÚSICA CHARAMELA

CURSO 23-24

Esta memoria recolle as actividades realizadas pola Escola de Música Charamela durante o curso 23-24. Ademais das clases de instrumento, linguaxe musical, música e movemento e ensaios da Banda, que tiveron lugar durante todo o curso escolar, realizáronse unha serie de actividades musicais nas que participou alumnado e profesorado da escola. Estas actividades, audicións, concertos da banda, concertos didácticos... foron sempre abertas ao público de forma gratuíta, a disposición de todo Pontedeume e comarca.

A continuación enumeramos estas actividades cronolóxicamente:

Actividade	Data	Lugar	Descrición
Xornada de Portas Abertas	5/9/23	Escola de música	Xornada de portas abertas onde se amosaron os diferentes instrumentos da escola. Xornada moi positiva xa que se cubriron varias prazas de clarinete, un instrumento moi necesario para a nosa Banda.
Concerto da Banda nas Festas das Peras	7/9/23	Praza do Concello	Tradicional recital da Banda antes do Pregón das Festa das Peras
Procesión da Banda nas Festas das Peras	8/9/23	Rúas de Pontedeume	Procesión da Banda o día 8 no Patrón de Pontedeume
Pasacalles da Banda nas Festas das Peras	9/9/23	Rúas de Pontedeume	Pasacalles polas rúas de Pontedeume
Procesión e Pasacalles nas Festas	10/9/23	Igrexa de Pontedeume	Procesión arredor da Igrexa e pasacalles
Concerto da Banda na honra de Santa Icíá	26/11/23	Hall da Escola de música	Concerto da banda na que se interpretou obras para solistas e banda.

Audición de Nadal	21/12/23	Casa da Cultura de Pontedeume	Concerto de Nadal no que participou alumnado e profesorado da escola das especialidades de percusión, guitarra, violín e saxofón, linguaxe musical e música e movemento. Foi unha actividade moi motivadora para o alumnado. Asistiu moito público que encheu o aforo da Casa da Cultura. Houbo unha merenda para o alumnado ao final da audición favorecendo tamén a convivencia.
Actuación dos Churumbeles no Nadal	24/12/23	Rúas de Pontedeume	Participación de nenos e nenas da escola e de Pontedeume cantando panxoliñas polas rúas de Pontedeume en Noiteboa.
Concerto de Nadal da Banda no Casino Progreso de Franza.	29/12/23	Casino de Franza (Mugardos)	Concerto de Nadal a cargo da Banda. Foi o concerto de despedida do director Manuel C. Vázquez Vila que deixou a dirección da banda, polo que foi un acto moi emotivo. Houbo moito público asistente.
Participación da Escola na Cabalgata de Reis.	5/1/24	Rúas de Pontedeume	Participación no desfile da Cabalgata de Pontedeume organizada polo Concello no que fomos disfrazados de circo.
Concerto da Banda de Música Charamela no Pregón da Semana Santa 2024.	23/3/24	Igrexa Parroquial de Pontedeume	Concerto da Banda con temas da Semana Santa, dirixidos por Raúl Ramos Fernández, novo director da Banda.
Procesión da banda no Domingo de Ramos	24/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión do Domingo de Ramos.
Procesión do Xoves Santo	28/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión da Banda polas rúas de Pontedeume que chega ata o porto.
Procesión do Paso	29/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión de madrugada na que se interpreta o tema eumés de O Paso

Procesión da Banda no Santo Encontro	29/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión polas rúas de Pontedeume na que se interpreta o tema eumés de O Paso e se fai a representación do Santo Encontro na praza do Concello.
Procesión Santo Enterro Venres Santo	29/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión da Banda polas rúas da vila
Procesión da Soidade Venres Santo	29/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión da Banda xunto con violíns e guitarras.
Procesión Domingo de Resurrección	31/3/24	Rúas de Ponteume	Procesión arredor da Igrexa Parroquial
Audición de saxo	7/4/24	Escola de música	Audición do alumnado de saxofón do profesor da escola, Manolo Vázquez.
Concerto da Banda polo día do Libro	28/4/24	Alameda de Raxoi de Pontedeume	Concerto da Banda na Alameda onde se interpretaron temas de diferentes estilos musicais.
Participación no Cortexo Cívico de Pontedeume no Día das Letras Galegas	17/5/24	Rúas de Pontedeume	Roteiro polos lugares dos creadores e creadoras de Pontedeume, con recitado de poemas e intervencións musicais de músicos da Escola que interpretaron temas galegos.
Concertos didácticos da Escola de Música Charamela	24/5/24	Casa da Cultura de Pontedeume	Concertos didácticos a cargo do profesorado da escola que foron todo un éxito de participación. Asistiron todos os colexios de Pontedeume, e tivemos que programar 3 pases para que puidese asistir todo o alumnado e profesorado interesado. Houbo presentación de instrumentos e moita música divertida.

Xornada de Portas Abertas	30/5/24	Escola de Música	Xornada de portas abertas onde houbo mostra e proba de instrumentos da escola. Houbo moita participación de familias interesadas.
Audición de Fin de Curso	13/6/24	Casa da Cultura	Concerto de fin de curso no que participou o alumnado da escola de todas as especialidades impartidas. Houbo música individual e tamén colectiva. Os grupos de linguaxe e música e movemento tamén participaron cantando varios temas. Asistiu moito público e houbo unha pequena merenda para os nenos e nenas ao final do concerto.

Dende a Escola de Música Charamela, queremos agradecer ás entidades que nos apoiaron durante todo o curso. En primerio lugar, grazas ao Concello de Pontedeume polo seu apoio na cesión de espazos para realizar as nosas actividades e polo seu apoio durante o curso. O noso agradecemento tamén á Comisión de Festas, á Cofradía de Dolores e a Upa, ao Casino de Franza, e ao Ateneo Eumés, por contar coa escola de Música Charamela na programación dos seus eventos. As audicións e concertos son unha motivación extra, unha excelente forma de compartir coa vila de Pontedeume e comarca o noso traballo e amor pola de música, de todos e todas os que formamos parte de Charamela.

Grazas por suposto tamén, ás familias e alumnado da nosa Escola, por formar parte da familia de Charamela e pola confianza que depositan en nós ano tras ano. Seguiremos traballando pola nosa Escola, para continuar promocionando a música entre pequenos e maiores, ofrecendo ensinanzas de música na nosa vila e organizando concertos e audicións tan enriquecedores para todos e todas.